

A REVOLUCIÓN INDUSTRIAL

Introducción:

Ata fins do século XVIII, a economía europea basábase case exclusivamente na agricultura e o comercio. O que hoxe chamamos produtos industriais eran, por entón, artesanías, como por exemplo os tecidos, que se fabricaban en casas particulares ou obradoiros. Nunha **economía fundamentalmente artesanal**, o comerciante entregaba a lá a unha familia e ésta a hilaba, a texía e devolvía ao seu patrón o produto terminado a cambio dunha suma de diñeiro.

A Revolución Industrial significou un importante proceso de cambios ocorridos en Gran Bretaña entre **1730 e 1850** que transformaron profundamente unha economía exclusivamente agrícola e comercial nunha economía industrializada.

Máis tarde exténdese por Europa Occidental (Alemania e Francia) e América (EE.UU.)

CAUSAS

A. Demográficas:

Ao longo de todo o século XVIII tivo lugar un **crecemento sostido da poboación**, aínda que o ritmo de crecemento aumentou a partir de 1740, debido á diminución da mortalidade xa que mellorara a alimentación, a hixiene e a sanidade.

Este aumento demográfico **ocasionou un éxodo rural**, o que fixo que crecieran as cidades e as migracións interiores e exteriores. Por outro lado **tamén ocasionou unha maior demanda de bens e de man de obra barata**.

B. Sociais:

Ata o século XVIII, a sociedade estaba dividida en estamentos, que son grupos cerrados aos que se accedía por nacemento. As sucesivas oleadas revolucionarias e os cambios económicos provocaron intensas transformacións. **A sociedade quedou dividida en clases** nas que os cidadáns da clase superior levaban unha vida de luxo e o resto da poboación vivía nunhas condicións pésimas.

A sociedade quedou dividida en:

- Clase Alta: Estaba formada pola aristocracia e a alta burguesía.
- Clase Media: Nela se encontraban os grupos da chamada pequena burguesía, formada por tenderos e comerciantes.
- Clase Baixa: Estaba formada polos traballadores. Nela tamén apareceu o proletariado, constituído polos emigrantes rurais convertidos en obreiros.

C. Revolución Agrícola:

O rendemento agrícola incrementouse gracias á adopción de **novas técnicas de produción**. A actividade agraria fíxose rentable e converteuse nun empresario rural. A comezos do século XVIII, os

sistemas de produción agrícola tradicionais foron modificándose, **desaparecendo así o barbeito, que foi substituído pola rotación de cultivos** deste modo a terra rexenerábase sen necesidade de deixar de producir. Apareceron **novos cultivos** como el maíz, e os pementos, cultivados en hortas. **A produción mellora debido á mecanización do campo** o que fai do traballo agrícola unha empresa rentable.

En Gran Bretaña, o Parlamento inglés aprobou as expropiacións, desamortizacións e cerramentos, o que orixinou a Concentración Parcelaria. Este conxunto de innovacións perxudicou aos campesiños, que tiveron que malvender as súas terras, os xornais empeoraron como consecuencia da mecanización e tiveron que emigrar ás cidades.

D. Maquinismo e Desenvolvemento Industrial:

Un dos elementos fundamentais, foi a aparición dun novo tipo de enerxía: o vapor, cúa produción requiría carbón. A máquina de vapor converteuse no motor incansable da máquina da Primeira Revolución Industrial.

E. A Revolución dos Transportes:

En 1825, Stephenson aplicou a máquina de vapor capaz de desprazarse arrastrando consigo vagóns xa que éstos antes eran tirados por cabalos. A idea de desprazarse por vía terrestre supuxo a aparición do ferrocarril, como medio de transportes para mercancías e persoas, cunha rapidez antes impensable.

CONSECUENCIAS DA REVOLUCIÓN

- A REVOLUCIÓN DEMOGRÁFICA

A revolución industrial produciu un cambio radical en todos os factores da sociedade europea creando un novo modelo de vida:

- Desenvolvemento industrial e mineiro
- Aumento da produción
- Crecemento das cidades
- Mellora do comercio

A principal **consecuencia demográfica** foi o **enorme crecemento da poboación** producido por:

- Caída da mortalidade e da mortalidade infantil: mellora na alimentación, mellora na hixiene e desenvolvemento da medicina, construción de hospitais, descubrimento da vacina contra a viruela ou quinina.
- Elevada taxa de natalidade.
- Aumenta a esperanza de vida.



Ademáis das consecuencias demográficas, a industrialización transformou profundamente a sociedade e a economía da época. Observa as consecuencias:

O problema español

Mentres toda Europa Central iniciara o proceso de industrialización, España seguía sumida nun mundo rural no que se produciran poucos cambios.

¿Cales foron as razóns do retraso industrial español?

1. Falta de demanda de productos industriais:	Malas comunicacións.
	Agricultura moi atrasada.
	Falta de capital para adquirir produtos.

2. Situación da industria española:	Talleres artesanais.
	Enorme dispersión da produción (cada zona se especializa según os seus recursos).
	Non existía un mercado nacional.

3. Enormes contrastes entre rexións:	Interior pouco desenvolvido.
	Zonas periféricas máis desenvolvidas, especialmente o País Vasco e Cataluña.
	Cataluña empeza a industrializarse gracias ao sector téxtil.